INDICE. Unidade 4 (2ª semana)
Guerra e Revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia. A obra de Cádiz: os decretos e a Constitución de 1812.

1. Guerra e Revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia
   1.1. A crise de 1808: Repercusións da Revolución Francesa e alianza con Napoleón.

2. Crise do Antigo Réxime.
   2.1. A debilidade da monarquía de Carlos IV
   2.2. Tratado de Fontainebleau en 1807
   2.3. Motín de Aranxuez
   2.4. Conspiración-proceso do Escorial

3. Estatuto de Baiona

4. Guerra e revolución .
   4.1. Accións Militares
   4.2. Consecuencias da guerra

5. Grupos Políticos
6. O impacto da Guerra en Galicia. O século XIX: a xénese do atraso
7. Das Xuntas ás Cortes de Cádiz. A Revolución española
   7.1. Composición
   7.2. As Cortes
8. Tarefa lexislativa : Reformas e decretos principais
9. A Constitución de 1812
   9.1. Trazos principais da Constitución
   9.2. As Contradiccións
   9.3. Causas das contradicións da Constitución do 12.
   9.4. Cadro Comparativo das características do Estatuto de baiona e da Constitución de Cádiz.

10. Reinado de Fernando VII: Absolutismo fronte a Liberalismo :Crise do Antigo Réxime. Restauración absolutista
   10.1.Absolutismo e Liberalismo
   10.2.Sexenio Absolutista (1814-1820) 1º periodo absolutista

   10.3Pronunciamientos
      10.3.1Riego
      10.3.2Trienio liberal 1820-1823
11. Década absolutista 1823-1833. A Década ominosa. 2º período absolutista
12. A emancipación da América española
   12.1.Causas
   12.2.O movemento emancipador
   12.3.O Conflito Armado

Guerra e Revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia. A obra de Cádiz: os decretos e a Constitución de 1812. Unidade 4 (2ª semana)

Debilidade da Monarquía de Carlos IV → ***Guerra e Revolución*** → ***A Constitución de 1812*** / ***Absolutismo e Liberalismo*** / ***Emancipación da América Española***

Crise do Antigo Réxime

1. Guerra e Revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia

1.1. A crise de 1808: Repercusións da Revolución Francesa e alianza con Napoleón.

O Novo rei de España. Non se esperan grandes cousas do príncipe de Asturias [Carlos]. É torpe, brusco, obstinado e carece de coñecementos que, pola súa idade, xa nunca alcanzará. As súas paixóns son a caza, a comida e a muller. Pero o temor ao seu pai e ao confesor fano hipócrita na última.

D.W.Moldenhawer. Viaxe por España.1786 [francés]

O recentemente ascendido ao trono Carlos IV (1788-1808) e o seu ministro Floridablanca desde o momento en que se iniciou a revolución en Francia intentaron evitar calquera "contaxio" revolucionario procedente do país veciño. Un férreo control nas aduanas e unha estrita censura foron os medios utilizados para illar ao noso país do tumulto francés.

O Perigo do "contaxio revolucionario" O incendio de Francia vai medrando e pode propagarse coma a peste (...). A necesidade de formar un cordón contra esa peste apremia máis e máis cada día(...) O mando principal dese cordón deberá estar a cargo dos capitáns xenerais. O pretexto lexítimo para este cordón, será (...) divulgar os avisos e temores que temos de que os malfeitores franceses e os que se lles uniran dos nosos meditan pasar a raia e vir roubar, saquear e maltratar as xentes dos nosos lugares.

Conde de Floridablanca. Informe ao Rei carlos IV. 1791

Tras un curto período de goberno do conde de Aranda, Carlos IV tomou unha decisión crave no seu reinado, nomeou ministro **a Manuel Godoy en 1792**. Este favorito dos reis converteuse na figura crave durante o resto do reinado de Carlos IV.

A ejecución de Luís XVI en xaneiro de 1793 provocou a ruptura da tradicional alianza con Francia. España uniuse a unha coalición internacional e participou na denominada Guerra da Convención. A derrota militar española foi rápida e concluínte. O fracaso bélico precipitou a firma da **Paz de Basilea**, pola que o noso país aceptou a perda da parte española da illa de Sto. Domingo, e a volta á tradicional alianza con Francia contra Inglaterra. Esta alianza se selou no Tratado de San Ildefonso, asinado en 1796. Ao igual que os

restantes gobernos europeos, o goberno do novo rei Carlos IV deu marcha atrás na súa política de reformas. Pechou a fronteira francesa establecendo unha especie de **"cordón sanitario"** para impedir o paso de calquera libro e folleto, prohibiu calquera referencia ó país veciño, mesmo as críticas contra a Revolución, e suspendeu tódolos periódicos non oficiais do reino.

> «Prohibo a introducción e curso nestos meus Reinos e Señoríos de calquera papel sedicioso, e contrario á fidelidade e a tranquilidade pública, e en consecuencia mando, que calquera persoa que tivera carta ou papel impreso ou manuscrito desta especie os presente á Xustiza, dicindo e nomeando ó suxeito que llelos entregara, se o soubera; pena de que non facéndoo así, será procesado e castigado; procedendo as Xustizas coa actividade e a vixianza que require a súa gravidade, e que tanto interesa ó ben dos meus amados vasalos.»
>
> Orde de Carlos IV, 1791

Iniciábase así unha deriva diplomática na que o ascenso ao poder de Napoleón en 1799 e a debilidade do goberno de Godoy levaron a España a unha crecente dependencia da política exterior francesa e, a consecuencia, ao enfrontamento con Inglaterra. As consecuencias pronto se fixeron notar: a vitoria sobre Portugal, fiel aliada de Inglaterra, en 1801 na "Guerra das Laranxas" e a consiguiente anexión española de Olivenza, non serviu para compensar a catástrofe naval da armada franco-española fronte ao almirante inglés Nelson en Trafalgar en 1805. Os ruinosos resultados da alianza con Francia non impediron que Godoy asinase con Napoleón o Tratado de Fontainebleau en 1807. A esas alturas a figura de Godoy era crecientemente criticada nos medios influyentes do país. A derrota naval de Trafalgar que desbaratara o poder marítimo español e a crise económica concretada no enorme déficit do Estado e na drástica disminución do comercio con América avivaron a oposición da nobreza, desairada polo favor real a un "advenedizo" como Godoy, e do clero, asustado ante a tímida proposta de desamortización de bens eclesiásticos.

Este descontento cristalizou na formación dun grupo de oposición en torno ao Príncipe de Asturias, o futuro Fernando VII, que rápidamente púxose a laborar para acabar co goberno de Godoy e, porque non, do rei que lle nomeou.

2. Crise do Antigo Réxime.

2.1. A debilidade da monarquía de Carlos IV

A crise da Monarquía Absoluta prodúcese en España, polo tanto, no contexto da Revolución Francesa, que inicialmente provoca a guerra con Francia e despois a paz e a alianza, co fin de manter o bloqueo continental e invadir Portugal, aliada dos ingleses.

1.2 Co acordo ou **Tratado de Fontainebleau en 1807,**

España permitía que o exército francés pasase por territorio español e aportaba un corpo de exército para que loitase baixo as ordes de Napoleón. Así, as tropas napoleónicas penetraron en España e instaláronse nas principais cidades españolas e ao longo da fronteira portuguesa. Ao mesmo tempo, Fernando, herdeiro ao trono e príncipe de Asturias, encabezaba unha conspiración para derribar a Manuel Godoy, favorito da raíña e primeiro ministro, e conseguir a coroa do seu pai. Pese a ser descuberta, a popularidade de Fernando aumentou, así como as esperanzas postas nel para resolver a grave crise económica que atravesaba o país. Creceu a sospeita de que as tropas francesas pretendían a ocupación militar de España.

2.3 O 17 de marzo de 1808, os sectores partidarios do príncipe promoveron o **Motín de Aranxuez** contra Godoy, que foi detido e puido salvarse das iras populares grazas á intervención do monarca. Carlos IV abdicou no seu fillo Fernando VII, noticia que foi recibida con alegría en todo o país. Pero Napoleón aproveitou a división e as intrigas cortesás para apropiarse do trono español e converter o país nunha peza máis do seu imperio.

0.4 Conspiración-proceso do Escorial

O príncipe de Asturias, fillo de Carlos IV, conspiraba directamente contra Godoy e indirectamente contra o seu propio pai. En 1807, un grupo destacado de nobres partidarios de Fernando promoveu a conspiración do Escorial nun clima de descomposición da Corte. A conspiración foi descuberta e iniciouse o chamado proceso do Escorial, no que Fernando, para obter o perdón do seu pai, denunciou a todos os seus cómplices. No xuízo, todos foron declarados inocentes, o que revela os importantes apoios cos que contaba a conspiración.

Durante o inverno e as primeiras semanas da primavera de 1808 os soldados franceses continuaron atravesando os Pirineos. Seguro da súa forza, **Napoleón** nomeou lugartenente imperial de España ao mariscal Murat, que se dirixiu coas súas tropas cara a Madrid.

Ante esta situación, a Corte española, que se trasladou a Aranjuez, decidiu retirarse cara a Andalucía co propósito de embarcar ás súas posesións en América, como o fixo a Casa Real portuguesa. Os preparativos da viaxe provocaron a indignación popular e Carlos IV tivo que anunciar que a viaxe non se levaría a efecto.

O xentío dirixido por membros do partido fernandino, nobres próximos ao Príncipe de Asturias culpou da situación a Godoy que ostentaba o título de príncipe da Paz. O conde de Montijo contratou a axitadores que se puxeron á cabeza da multitude amotinada e saquearon o palacio de Godoy, arroxando as súas pertenzas polos balcóns e queimándoas. Ante esta situación e o temor dun linchamento, intervén o príncipe Fernando, verdadeiro dono da situación, no que abdica o seu pai ao mediodía dese mesmo día, converténdoo en Fernando VII. Os acontecementos de Aranxuez foron os primeiros estertores da **agonía do Antigo Réxime** en España. O pobo fora manipulado, pero en calquera caso, a súa intervención foi decisiva, posto que non só conseguiu a renuncia dun ministro odiado (xa ocorrera no motín de Esquilache, en 1766), senón tamén a renuncia dun soberano e o acceso ao trono dun novo rei, lexitimado pola vontade popular.

3. **O Estatuto de Baiona** . O enfrontamento entre Fernando e Carlos IV tiña un único árbitro posible. Coas tropas do xeneral Murat en Madrid, Napoleón chamou a pai e fillo a **Baiona** en Francia e forzoulles a abdicar no seu irmán José Bonaparte. Foron as **Abdicacións de Baiona** polas que os Borbóns cederon os seus dereitos a Napoleón. Tratando de atraerse á opinión ilustrada, o novo monarca José I publicou o **Estatuto de Baiona, Carta Outorgada**[1] que concedía algúns dereitos máis aló do absolutismo. O 6 de xullo os representantes votaron o texto legal, o Estatuto de Baiona, no que se proclamaba por primeira vez en España a liberdade de imprenta, se instituía na primacía do poder civil e se abolía o uso da tortura no procedemento xudicial. Isto supoñía o primeiro intento de acabar co Antigo Réxime en España e iniciar un sistema liberal.

> «En nome de Deus Todopoderoso, Don José I Napoleón, pola gracia de Deus, rei das Españas e das Indias: tendo escoitado á Xunta Nacional, reunida en Bayona de orde do noso moi caro e moi amado irmán Napoleón, Emperador dos franceses (...)
>
> Decretamos a presente Constitución (...)

[1] Considérase unha carta outorgada, posto que non foi elaborada polos representantes da Nación. Organizaba España como unha monarquía hereditaria en que o monarca ocupaba o centro do poder político, pero coa obrigación de respectar os dereitos cidadáns proclamados no seu texto. Naceu nun contexto complexo, ditado fóra de territorio nacional e cun marcado carácter afrancesado, apadriñado polos liberais moderados. Debido á súa orixe e proceso **non pode considerarse unha Constitución, senón unha Carta outorgada**: o proxecto de Estatuto foi presentado por Napoleón a 65 deputados españois aos que só se lles permitiu deliberar sobre o seu contido. **Non existiu vontade previa de elaborar un documento constitucional, impúxoselles un texto e aceptouse por unhas Cortes reducidas convocadas en territorio francés.**

Art. 1. -A relixión Católica, Apostólica e Romana, en España e en tódalas posesións españolas, será a relixión do Rei e da Nación, e non se permitirá ningunha outra.

Art. 34. -As prazas de senador serán de por vida

Art. 61. Haberá Cortes ou Xuntas da Nación, compostas de 172 individuos, divididos en tres Estamentos (clero, nobreza, pobo).

Art. 72. Para seren deputado precísase ser propietario de bens raíces.

Art. 88. -Será libre toda especie de cultivo e industria.

Art. 90. -Non se poderá conceder privilexio algún particular de exportación.

Art. 96. -As Españas e as Indias gobernaranse por un só Código de leis civís e criminais.

Art. 97. -A orde xudicial será independente nas súas funcións

Art. 99.-O rei nomeará a tódolos xuíces.

Art. 116. -As aduanas interiores quedan suprimidas en España e Indias.

Art. 117. -O sistema de contribucións será igual en todo o Reino.

Art. 140. -Os servicios e os talentos son os únicos que proporcionan os ascensos.

Art. 145. -Dous anos despois de terse executado totalmente esta Constitución, establecerase a liberdade de imprenta.

Estatuto deBayona, 8-7-1808; recollido de Sainz de Varanda, Colección de leis fundamentais

As abdicacións de Baiona e a insurrección contra José I significaron unha situación de "baleiro de poder" que desencadeou a **quebra da monarquía do Antigo Réxime** en España. Para facer fronte ao invasor, constitúense Xuntas Provinciais, que asumen a soberanía en nome do rei ausente. En setembro 1808, as **Xuntas Provinciais** coordináronse e constituíuse a **Xunta Central Suprema**. A pesar de que gran parte dos membros destas xuntas eran conservadores e partidarios do Antigo Réxime, a situación bélica provocou a asunción de medidas revolucionarias como a convocatoria de Cortes.

4. Guerra e revolución .

Ante a evidencia da invasión francesa, o descontento popular acabou por estalar: o 2 de maio de 1808 iníciase unha insurrección en Madrid abortada pola represión das tropas napoleónicas. Os días seguintes os levantamentos antifranceses esténdense por todo o país. Iníciase a Guerra da Independencia (1808-1814).
A guerra de guerrillas[2] vaise a desenvolver fundamentalmente no mundo rural, contribuíndo á crueldade que caracteriza a esta guerra debido ao principio de acción represión. Esta forma de guerra vai ter un gran futuro, non só na historia de España, senón tamén na historia mundial. Trátase da **participación popular ante un inimigo moito máis potente e poderoso**.

[2] A intifada palestina ou o terrorismo etarra, para algúns, son consideradas como forma actual de guerra de guerrillas.

Cando o novo rei Fernando VII entrou en Madrid, as tropas de Murat atopábanse xa na capital impoñendo a súa vontade á familia real española. Fernando destituíu aos partidarios de Godoy, pero todos esperaban o apoio final de Napoleón, novo árbitro da situación. Napoleón nomeou rei de España ao seu irmán José, ata entón rei de Nápoles, e convocou en Balona aos representantes da nobreza, do clero e das cidades para prestar xuramento de fidelidade a José I. [O 3 de Maio- Os Fusilamentos da Moncloa.. Fco. De Goya y Lucientes]

A alarma pola saída da capital da Casa Real e os rumores sobre a partida forzosa dos últimos membros da familia, produciron un alboroto nas portas do palacio real o 2 de maio de 1808. Murat ordenou disparar contra os amotinados e as loitas callejeras estendéronse por Madrid. O exército español non interveu, salvo os capitáns Daoíz e Velarde que, desobedeciendo as ordes, sublevaron as forzas do Parque de Artillería. Os máis de 30.000 veteranos franceses sufocaron a resistencia ao final do día e fusilaron máis dun centenar de prisioneiros na Moncloa e outras zonas da cidade. **O alcalde de Móstoles, Andrés Torrejón, declaraba a guerra aos franceses, acto que sería imitado por multitude de cidades españolas.**

> «Señores Xustizas dos pobos a quen se presentase este oficio de min, o Alcalde Móstoles:
>
> É notorio que os franceses apostados nas cercanías de Madrid, e dentro da Corte tomaron a defensa, sobre este pobo capital, e as tropas españolas: de maneira que en Madrid está correndo moito sangue; como Españois é necesario que morramos polo Rey e pola Patria armándonos contra uns desleais que so color de amizade e de alianza quérennos impoñer un xugo pesado, despois de terse apoderado da Augusta persoa do Rei: procedamos pois, a tomar as activas providencias para escarmentar tenta perfidia, acudindo ó socorro de Madrid e demais pobos.»
>
> Móstoles, dous de maio de 1808. Andrés Torrejón. Simón Hernández

Unha carta, escrita por Murat (xefe das tropas francesas en España) ó Emperador en marzo, anunciaba os feitos posteriores:

> «Temo que vos enganedes sobre a situación. A aristocracia e o clero son donos de España: se temen polos seus privilexios ou existencia, provocarán contra nosoutros un alzamento en masa que poderá eternizar a guerra. Conto con algúns partidarios, pero se me presento como conquistador quedareime sen ningún (...) O Príncipe de Asturias non ten ningunha das cualidades necesarias ó xefe dunha nación; esto non impedirá que se faga un heroe para opoñelo a nosoutros (...)»

Os motivos do levantamento das masas populares contra a ocupación francesa foron: a defensa da integridade territorial fronte a un tradicional aliado que os traizoóu; a convicción do carácter tiránico de Napoleón; e un sentido patriótico case relixioso. Identificábase a «patria» coa figura do monarca «raptado». Tampouco se pode olvidar a crítica situación económica que identificou nos hostís soldados franceses á causa dos males. Era unha poboación disposta a loitar porque tiña pouco que perder.

4.1. Accións Militares



4.2.4.2.Consecuencias da guerra

CONSECUENCIAS DEMOGRÁFICAS	CONSECUENCIAS ECONÓMICAS
Gran número de baixas. A documentación fala desde os 300.000 até o millón de vítimas. 470 batallas e infinitas escaramuzas.	Debido ao tipo de guerra total, destrución total. Grandes perdas en Agricultura, colapso do comercio e facenda en bancarrota. Hai tendencias Históricas que ven a guerra da independencia como unha causa do fracaso da revolución industrial.
CONSECUENCIAS SOCIAIS	**CONSECUENCIAS POLÍTICAS**
Enfraquecemento da Nobreza e o Clero; fortalecemento da burguesía	Primeira eliminación do Antigo Réxime. A Constitución do 12. Primeiros exilios políticos da historia contemporánea:Os afrancesados. Desmoronamento do Imperio colonial. Inmediata emancipación das colonias.

A Revolución Francesa ademais dividiu ós ilustrados. Uns, como Floridablanca, puxéronse de parte da tradición e da orde, outros puxéronse claramente o seu favor, como Marchena, e outros, como Jovellanos aínda confiaban no Estado como instrumento das reformas e opúñanse ó levantamento popular.

5. Grupos Políticos

✓ **Os Afrancesados:** Chamouse afrancesados a ilustrados provenientes de altas capas da sociedade que aceptaron a renuncia de Carlos IV e de Fernando VII, e viron no réxime napoleónico a posibilidade de modernizar o país seguindo o modelo liberal francés. Os compoñentes deste grupo querían a **supresión do réxime señorial e da Inquisición, a redución do número de conventos, a reforma do código civil e a administración.**

«Non temades que as nosas tarefas filantrópicas sexan xa interrumpidas ou perturbadas polo xenio maléfico que tantos e tan graves danos ten causado a nosa amada patria. Noso pensamento é libre, como as nosas persoas e propiedades. O brazo invencible do gran Napoleón derrotou ó monstro odioso (...) Gloria inmortal ó grande Napoleón, vingador dos aldraxes feitos á España por unha canalla detestable que establecera o seu tiránico imperio sobre o entendemento do home. Gloria inmortal ó Emperador filosófico que nos quixo dar un Rei ilustrado, baixo o cal os españois volverán a ser homes, e destruídos os monumentos funestos da superstición, ergueranse sobre as ruinas os verdaderios templos da razón, as glorias dos francmasóns.»

Discurso "afrancesado" na loxia «Santa Julia», Madrid, 1812

Exactamente o que fixera Napoleón en Francia: consolidar a revolución burguesa e restaurar a orde e a prosperidade. Os afrancesados foron tachados de traidores. A súa incómoda posición levou a moitos (uns 12.000) a exiliarse despois da guerra.

En palabras de Miguel Artola, os afrancesados

"...constitúen un partido, por canto a súa decisión de xurar ao rei José é a condición necesaria para alcanzar o poder e desenvolver desde el un programa específico, que a diferenza dos outros dous partidos que aparecen nestes anos. A súa total vinculación ideolóxica co Despotismo Ilustrado lévaos a propugnar un réxime monárquico cunha autoridade forte que impida experiencias revolucionarias como a francesa, pero que ao mesmo tempo promova as reformas que o país necesita".

Esta descrición do grupo enmarca perfectamente a súa orixe e os seus propósitos. Con todo, é conveniente aclarar a diferenza existente entre o afrancesamiento cultural e o afrancesamiento político, pois aínda que poden confundirse, o primeiro encerra un fenómeno máis amplo no tempo que, ademais, non sempre desemboca nun apoio ao rei José.

«Esta revolución proclamou solemnemente os dereitos eternos da humanidade, derrubou do seu trono á superstición e a tiranía para colocar sobre el á igualdade e a razón, e non limitará as súas benéficas influencias ó estreito marco da nación francesa. (...) E as cavernas da espantosa Inquisición ábrense para afundir ó desgraciado que incorreu na indignación dos frailes e dos hipócritas. A España está a dez mil leguas da Europa.(...) Un só medio vos queda, Españois, para destruír o despotismo relixioso; este é a convocatoria das vosa Cortes.

José Marchena, *A la nación española.*

O afrancesamiento cultural é un fenómeno que se produce na segunda metade do século XVIII e que dá lugar a manifestacións multiformes que van desde a impregnación cultural producida pola lectura de libros franceses, até o emprego de galicismos na linguaxe, pasando polo gusto pola moda francesa, como foi o uso xeneralizado das perrucas empolvadas. Aínda que hai afrancesados **culturais** que pasan a ser afrancesados políticos, como **Meléndez Valdés, Cabarrús ou Moratín**, hai tamén afrancesados culturais que pasan ao campo dos **políticos** e patriotas, como é o caso de **Jovellanos, Marchena e de Quintana.**

[Xeneral Francisco Javier Elío]

- ✓ **Os absolutistas**: Foron un nutrido grupo de nobres e clérigos que non aceptaron a invasión napoleónica pero tampouco a revolución burguesa que implicaba a aceptación da nova constitución de 1812.

Defendían a **relixión católica** sen concesións, **a sociedade estamental** e a **monarquía absoluta**, elementos definitorios do Antigo Réxime. Combateron xunto co resto de grupos contra os franceses pero, ao terminar a guerra, máis de sesenta deputados asinaron un documento no que animaban ao rei (Fernando VII) a volver ao absolutismo (Manifesto dos Persas, 12 de abril de 1814).

[Gaspar Melchor de Jovellanos. Francisco de Goya y Lucientes.]

- ✓ **Os jovellanistas**: Recibiron este nome un bo número de intelectuais españois opostos a Napoleón que seguían as doutrinas de Jovellanos, o gran pensador da Ilustración, morto en plena guerra da Independencia. Non aceptaron as renuncias de Bayona pero, como os afrancesados, **defendían a necesidade de reformas e dunha constitución acorde á tradición española**. Tomaban como modelo o sistema político británico. O poder xudicial debía ser independente, pero o poder lexislativo e o executivo debían estar unidos, posto que as Cortes (constituídas polos tres estamentos tradicionais) debían ter tamén labores no goberno.



«Creo que unha nación que se ilustra pode facer grandes reformas sen sangue, e creo que para ilustrarse tampouco é necesaria a rebelión. Eu detesto a guerra civil e os franceses faranlla detestar a todo home sensible. (...)O progreso supón unha cadea graduada e o paso será sinalado pola orde dos seus elos. O demais non se chamará progreso, senón outra cousa. Non sería mellorar, senón andar arredor. A Francia próbanoslo. Liberdade, igualdade, república, federalismo, anarquía... e que sei eu o que seguirá. É pois preciso levar o progreso polos seus graos.» Carta de Jovellanos, 1793

- ✓ **Os liberais:** Intelectuais e pertencentes á burguesía media, os liberais defendían os principios do liberalismo, que penetraran en España a comezos do século XIX a pesar da censura oficial. A guerra e o ambiente revolucionario e patriótico de Cádiz estenderon as súas ideas, que se concretaron na Constitución de 1812. Os liberais crían na **felicidade** como aspiración de todos os homes, no progreso material e nas **liberdades individuais** (de expresión, de reunión, de relixión...). Tamén na **propiedade privada** como un dereito fundamental do ser humano, e en que a lei debe ser igual para todos e só debe haber diferenzas de riqueza. O sistema político ideal é o parlamentario, e o labor do Estadovelar por esas liberdades e a libre concorrencia económica. Ao volver o absolutismo, foron perseguidos, e exiliáronse ou se afiliaron a sociedades secretas. [Agustín Argüelles. 1902]



6. O impacto da Guerra en Galicia. O século XIX: a xénese do atraso

No século XIX converxen en Galicia un conxunto de procesos que a converten nun país subdesenvolvido respecto da media española e da europea occidental. A destrución, durante a Guerra da Independencia, das poucas fábricas que había, o peche do comercio con América trala emancipación, o devalo da industria rural doméstica pola importación de produtos foráneos e o estancamento da agricultura e da gandería polo mantemento do sistema foral e pola carencia de boas comunicacións cos mercados do resto da península, xúntanse para dar lugar a unha atonía económica , ao mantenemento da natureza rural da sociedade e á conseguinte atrofia do mundo urbano, agás A Coruña e Vigo, que coma excepción ve o nacemento da Industria conserveira, e como consecuencia a de construción de barcos, fabricación de redes, aparellos e envases, explicando así o rápido crecemento de Vigo e da súa redonda.Ante a invasión francesa en 1808 prodúcese un levantamento antifrancés semellante ao do resto dos

territorios. Na Coruña, fórmase a "Junta Suprema del Reino" que asume todos os poderes mentres non exista un poder central español.

O 3 de Xaneiro de 1809 as tropas napoleónicas penetran en Galicia e intentan montar unha nova Administración, contando coa colaboración de burgueses, funcionarios ilustrados e catedráticos da Universidade. Estes "afrancesados", pensaban que a única vía para modernizar o "país" era admitir o goberno francés. A maioría da poboación galega non estaba de acordo, proliferando as guerrillas populares, case todas encabezadas por cregos e fidalgos. [Pablo Morillo. Dirixiu a defensa de Ponte Caldelas].

En Galicia houbo 600 acusados de colaborar co goberno de Xosé I, foi a cidade de Santiago de Compostela onde maior fora a influencia dos partidarios de Bonaparte co apoio dunha parte pequena dos profesores da Universidade, existindo xa desde comezos de século un club liberal dirixido por Bazán de Mendoza e Manuel Acuña, aínda que este último se oporá aos franceses. Pola contra Bazán de Mendoza foi o principal valedor dos franceses en Galicia, despois da chegada dos franceses á cidade en xaneiro de 1809 foi director da Universidade, xefe de policía e superintendente do exército. Na cidade da Coruña os afrancesados eran comerciantes de orixe francesa, destacando os irmáns Barrié e membros da burocracia local. En Ferrol os máximos dirixente foran Manuel de la Piedra e o xeneral Pedro Obregón, que contaba co apoio de algúns militares. En Vigo os afrancesados máis importantes tamén eran comerciantes de orixe francesa.

O movemento insurrecional acada forza e os franceses atrinchéranse nas cidades, reconquistándoas pouco a pouco: **a toma de Vigo que** ficará na memoria como a grande xesta da vitoriosa resistencia dos galegos e galegas, realizadas pola acción conxunta de Mauricio Troncoso, abade do Couto, quen mobilizou aos campesiños da comarca do Condado e do Rosal e as partidas de Morillo e Bernardo González, Cahamuíña, así como **a batalla de Ponte Sampaio**, preto de Pontevedra. Finalmente o illamento con respecto ao resto dos exércitos, así como a oposición popular fixeron que os franceses son abandonaran galicia en Xuño de 1809, sendo o primeiro territorio liberado do dominio francés. A Guerra deixou unha importante pegada en Galicia, quedando topónimos e festas que recordan onde estiveron ou onde se combateu aos franceses.

Os Xenerais da Comarca do Ulla manteñen a tradición oral relacionada coa presenza das tropas francesas en Galicia e recitan coplas como a que segue: "- ¡Alto! ¿Quen vive? Son un correo francés que no nome do embaixador nos enviaron a España a amañar a vosa nación. – España ten quen a amañe e sen mais explicacións xa vos podedes volver sen expor mais razóns.

A sublevación contra os franceses iniciouse na cidade de A Coruña. Os sublevados formaron unha Xunta Suprema do Reino, da que formaban parte o Capitán Xeneral e representante das sete cidades cabeza das tradicionais provincias galegas. Esta Xunta Suprema asumiu a soberanía, organizou a defensa e coordinou o labor das xuntas locais.A Guerra popular contra o francés, ademais da defensa da relixión e do rei absoluto, constituiu en Galicia unha nova experiencia de liberdade, nacendo o liberalismo coa intención de facer mudar o sistema político e a sociedade. Isto levará a un enfrontamento sociopolítico que durará décadas:

- Por unha banda, os Absolutistas con base social na nobreza, na fidalguía e, sobre todo, na Igrexa, dirixían e redactaban periódicos como "La Estafeta de Santiago".

- Por outra, os Liberais, arraigaban entre a burguesía, o funcionariado, profesionais liberais e parte da oficialidade, co seu maior centro na Coruña e minoritarios en Santiago, Vigo e outras poboacións. Avogaban por acabar co absolutismo para instaurar un réxime de liberdades baseado na primacía da soberanía nacional.

Nas Cortes de Cádiz manifestouse estas diferentes posturas da política galega cos 24 deputados que representaron a Galicia nas Cortes de Cádiz, sendo 12, absolutistas, 11 moderados e só 1 claramente liberal; ao remate quedou claro quen controlaba as cousas en Galicia, xa que dos 16 deputados elixidos, 14 eran absolutistas e destes, 10 cregos....

Coa volta de Fernando VII, moitos liberais son enviados a prisión ou exílianse. Sen embargo non todo o liberalismo quedara erradicad, xa que é na Coruña onde se sucede un dos primeiros pronunciamentos liberais de España, na persoa do Xeneral Xoán Díaz Porlier o 19 de Setembro de 1815. Fracasou pola falta de apoios e foi executado.

Á morte de Fernando VII (1833), co problema da sucesión, en Galicia repercute de xeito inmediato e o Goberno pon a Pablo Morillo, un liberal moderado, ao fronte da Capitanía Xeral, para controlar a cregos e carlistas, presionar aos bispos para que apoien á filla de Fernando VII, Isabel, desmantelar aos voluntarios realistas e obrigar a todas as institucións a lle presentar acatamento ao Estatuto Real que promulgará a rexenta Mª Cristina en 1834.

É neste intre cando se lle retira a Santiago de Compostela a capitalidade en favor da Coruña, como castigo pola postura pro-carlista da Igrexa, iniciándose así un estancamento que a levou a ceder o seu posto de primeira cidade galega.

7. Das Xuntas ás Cortes de Cádiz. A Revolución española

As Xuntas. Nas zonas que, despois de maio, non estaban directamente controladas polos franceses creáronse uns organismos novos: as Xuntas. Ante o vacío de poder na nación e o non recoñecemento da autoridades francesas, as Xuntas eran organismos heteroxéneos social e ideoloxicamente, formados por cidadáns *recoñecidos* que asumían o poder no seu ámbito territorial. As xuntas locais uníronse nunha Xunta Central en setembro, pero a diversidade ideolóxica manteríase, podendo distinguirse tres grupos: absolutistas, ilustrados e liberais.

7.1. Composición : A celebración das eleccións en situación de guerra propiciou que se reunisen unhas Cortes con preponderancia de **elementos burgueses e cultos procedentes das cidades** comerciais do litoral. As sesións de Cortes comezaron en setembro de 1810 e moi pronto se formaron dous grupos de deputados enfrontados:

- ✓ **Liberais:** partidarios de reformas revolucionarias, inspiradas nos principios da Revolución Francesa.
- ✓ **Absolutistas ou "serviles":** partidarios do mantemento do Antigo Réxime (monarquía absoluta, sociedade estamental, economía mercantilista).

A maioría liberal, aproveitándose da ausencia do rei, iniciou a **primeira revolución liberal burguesa en España**, con dous obxectivos: adoptar reformas que acabasen as estruturas do Antigo Réxime e aprobar unha Constitución que cambiase o réxime político do país.

«De tódalas maneiras non é menos certo que a invasión dos franceses foi o principio das nosas diferencias internas e a guerra da independencia unha especie de guerra civil ó mesmo tempo.

Ós nobres a dinastía estranxeira éralles odiosa menos polo nova que polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar moito o privilexio das clases exclusivas. O berro de guerra na súa boca foi a oposición ó espírito innovador que os ameazaba.

O pobo baixo e ignorante acostumado a obedecer, a respectar ás autoridades, non tendo ningunha vantaxe na vida pública, non desexando nin concebindo a penas a necesidade de reformas políticas, pódese tamén dicir que o seu alzamento contra as armas do Emperador foi de pura resistencia, e que non aspiraba máis que ó estado político e civil das cousas nas que se atopaba antes das transaccións de Baiona.

Os ilustrados eran un número considerable e non podían ter, no seu pronunciamento contra o Emperador, só a mira de volver ó Estado anterior. Non era posible que satisfixese os seus desexos o que se presentaba ós seus ollos tan digno de reformas; que gustasen de volver ó antigo despotismo os que o consideraban como unha das causas dos males que os aflixían. O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes que afearan as administracións anteriores.
Entón viuse o motivo que tiveron homes de tan distintas clases (...) para coincidiren todos nun mesmo punto, a saber: guerra ós franceses, que satisfacía os desexos e era un medio de chegar cada un ó objecto das súas esperanzas.» San Miguel, Evaristo: *De la guerra civil española*

7.2. As Cortes. A Xunta Central tiña como principal obxectivo a convocatoria de Cortes, co fin de dar á nación unha Constitución e introducir na lexislación as reformas necesarias. A principios de 1810 disolveuse, concedendo a súa autoridade a unha Rexencia colectiva de cinco membros.

Os deputados foron chegando con dificultade a Cádiz (onde a Xunta Central se refuxiara do avance francés). Moitas provincias ocupadas do centro non puideron elexilos. Para reemprazalos, designáronse suplentes que residiran en Cádiz provisionalmente. Estes suplentes eran partidarios do liberalismo, o que, xunto a maior presencia de deputados das cidades do litoral, reforzou o carácter progresista dos reunidos. Fronte a eles situábanse os partidarios da volta ó absolutismo, encabezados polo bispo de Ourense, presidente do Consello de Rexencia

As Cortes, convocadas por estamentos ó uso medieval, funcionaron de feito como unha soa cámara e autodeclaráronse soberanas. Isto significaba o recoñecemento de que o poder reside na nación, o conxunto dos cidadáns sen distinción de estamentos, e que se expresa, dito poder, a través das Cortes formadas polos representantes da nación. A desconfianza ante a postura dos absolutistas levou á esixencia dun xuramento de fidelidade ás Cortes por parte dos membros do Consello de Rexencia.

«Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan á nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias e que reside nelas a soberanía nacional.

Proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo rei ó señor D. Fernando VII de Borbón; e declaran nula, de ningún valor e efecto a cesión da Coroa que se di feita en favor de Napoleón, non só pola violencia que interviu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlles o consentimento da nación.

Non sendo conveniente que queden reunidos o Poder Lexislativo, o executivo e o xudiciario, as Cortes xerais e extraordinarias resérvanse o exercicio do Poder lexislativo en toda a súa extensión.

O Consello de Rexencia recoñecerá a soberanía nacional das Cortes, e xurará obediencia ás leis e decretos que delas emanen.»

Decreto do 24 de setembro de 1810

8. Tarefa lexislativa : Reformas e decretos principais. O traballo das Cortes foi grande e nel pódense distinguir dous tipos de tarefas: a elaboración dunha Constitución e a promulgación dunha serie de decretos que reformaban aspectos esenciais do sistema político. Ademais de elaborar a Constitución, os deputados gaditanos levaron a cabo un importante labor lexislativo. Estas foron as **principais**

reformas políticas, económicas, sociais e xurídicas adoptadas polas Cortes de Cádiz destacando as seguintes disposicións legais:

- A abolición dos privilexios da nobreza mediante a **supresión dos señoríos xurisdiccionais** e do Morgado (1811).
- Liberdade de imprenta (1810)
- A venda en pública poxa as terras comunais dos municipios e a **desamortización** das terras da Igrexa.
- **Supresión dos gremios**, con liberdade de produción e comercio.
- **Elimínase a censura** e establécese a liberdade de imprenta.

- **Centralización administrativa**, cun Goberno e unha Deputación en cada provincia.
- **Abolición da Inquisición** que era un obstáculo para a liberdade de pensamento e o desenvolvemento da ciencia.

Entre os decretos destacan: o que estableceu a liberdade de imprenta; a abolición dos señoríos; o de supresión da Inquisición; o que estableceu a liberdade de comercio; e o de continuación da desarmotización dos bens de *manos muertas.*

O decreto de abolición dos señoríos desmontaba e incorporaba á nación as xurisdiccións particulares, suprimía calquera forma de servidume e transformaba en propiedade privada os señoríos territoriais. Sen embargo deixaba vixente o dezmo e favorecía ós señores, que podían convertir os dereitos feudais en títulos de propiedade plena da terra, desposuíndo ós campesiños.

«Desexando as Cortes xenerais e extraordinarias remover os obstáculos que se opuxeran ó bo réxime, aumento da poboación e prosperidade da Monarquía española, decretan:

I. Desde agora quedan incorporadas á Nación todos os señoríos xurisdiccionais de calquera clase e condición que sexan.

II. Procederáse ó nomeamento de tódalas xustizas e demais funcionarios públicos pola mesma orde e segundo se verifica nos pobos de realengo.

III. Quedan abolidos os dictados de vasalo e vasalaxe e as prestacións, así reais como persoais, que deban a súa orixe a título xurisdiccional, agás dos que procedan de contrato libre en uso do sagrado dereito da propiedade.

V. Os señoríos teritoriais e solariegos quedan desde agora na clase dos demais dereitos de propiedade particular, se non son de aqueles que pola súa natureza deban incorporarse á Nación, ou dos que non cumpriran as condicións con que se concederon, o que resultará dos títulos de adquisición.

VII. Quedan abolidos os privilexios chamados exclusivos, privativos e prohibitivos que teñan a mesma orixe de señorío, como son os de caza, pesca, fornos, aproveitamento das augas, montes, e demais, quedando ó libre uso dos pobos (...)

XIV. En adiante ninguén poderá chamarse Señor de vasalos, exercer xurisdicción, nomear xuíces, nin usar dos privilexios e dereitos comprendidos neste decreto...

Decreto do 6 de agosto de 1811

9. **A Constitución de 1812 .** As Abdicacións de Baiona crearan un baleiro de autoridade na España ocupada. A pesar de que os Borbóns ordenaran ás autoridades que se obedecese ao novo rei José I, moitos españois negáronse a obedecer a unha autoridade que se vía como ilexítima. Para encher ese baleiro e

organizar a espontánea insurrección contra os franceses organizáronse **Xuntas Provinciais que asumiron a soberanía**. As Xuntas Provinciais sentiron desde un principio a necesidade de coordinarse. Así, en setembro de 1808, constituíuse a **Xunta Central** que, en ausencia do rei lexítimo, asumiu a totalidade dos poderes soberanos e estableceuse como máximo órgano de goberno. Froito desta nova situación, a Xunta Central convocou reunión de **Cortes extraordinarias en Cádiz,** acto que iniciaba claramente o proceso revolucionario. Finalmente, en xaneiro de 1810, a Xunta cedeu o poder a unha Rexencia, o que non paralizou a convocatoria de Cortes.

A través da asistencia ás sesións, pero sobre todo a través da prensa, a opinión pública puido seguir a intensa tarefa lexislativa que realizaron os deputados, e que tivo como colofón a Constitución de 1812, chamada A Pepa porque se publicou o día de San José (19 de marzo). En Cádiz déronse cita personalidades dos máis diversos puntos de España (incluíndo América). Naquelas Cortes estaban representados os diversos sectores da España resistente a Napoleón: Clérigos, avogados, políticos, militares, nobres, catedráticos e comerciantes debateron fórmulas políticas para superar o antigo réxime, que había resultado totalmente ineficaz. [Xuramento das Cortes Constituíntes]

